

NOME DO COLEXIO:


TRABALLANDO O PAPEL

Proposta de actividades para a aula

CICLO INICIAL DE EDUCACIÓN PRIMARIA

2012

Que tal! Voume
presentar!
Son **CARPEL**,
o voso guía



Eulogio Rosales Galiñanes

ACTIVIDADES PARA A AULA

Obxetivos:

- ★ Coñecer a forma antiga de facer papel.
- ★ Utilizar recursos online para traballar temáticas relacionadas co mundo papeleiro actual.
- ★ Saber que calidades podemos observar do papel.
- ★ Entender as implicacións ambientais que comporta o consumo do papel.

Contidos

- ★ O proceso da fabricación do papel.
- ★ Observación atenta de vídeos documentais.
- ★ Reciclaxe e reutilización do papel.
- ★ Elaboración de papel artesanal.

Competencias

- ★ Competencia comunicativa lingüística e audiovisual.
- ★ Tratamento da información e competencia dixital.
- ★ Competencia social e cidadana.

Benvidos a todos!

Son **CARPEL**, e estou feito de cartón e papel!

Serei o voso guía, cando visitedes o noso taller de papel feito a man



Hola amigos!

Como sei que ides facer unha visita a miña escola, propoñovos que investigedes no mundo do papel, e vos convertades nuns expertos!
O queredes intentar?



Sabias que...

Para comezar poderíamonos formular algunhas preguntas sobre o papel... verás que hai moitas cousas novas que nunca pensaches antes!

- ★ **O papel inventárono os chineses? E que gardaron o segredo da súa fabricación durante seiscentos anos?**
- ★ **Agora faise da madeira? E antes se facía de trapos de roupa vella?.**

ACTIVIDADES PARA A AULA

Agora pensa...

Te dás conta que estamos rodeados de papel? Facémolo servir para escribir e debuxar, pero tamén facemos postais, libros, diarios, carteis, papel de cociña, papel hixiénico, billetes de euro, casas de cartón, mobles de cartón, sobres para as infusións, figuras de papel dobradas, fotografías...

Ocórresevos algunha máis?

Seguro que si!

Facer unha lista ben larga entre toda a clase!



REALIZACIÓN DE FIGURIÑAS DE PAPEL MACHÉ NA CLASE

Viva! Agora xa podemos poñernos a traballar coas mans! Queres facer algunha figura de papel? Animate!
Xa verás que divertido é comezar a traballar o papel!

Como se fai o papel maché?

- ★ Temos que coller papel de diario e toralo en pequenos anacos..
- ★ Deixámolo en remollo en auga quente toda a noite.
- ★ Verteremos 4 vasos de auga e unha culler sopeira de cola e removerémolo.

ACTIVIDADES PARA A AULA

- ★ **Escorreremos o papel mollado do día anterior e faremos bólas.**
- ★ **Tiramos a pasta da cola por enriba das bólas que fixésemos e amasámolo todo xunto.**

Obteremos unha pasta suave coa que poderemos facer figuras de calquera forma... por exemplo bonecos, titeres de dedo, decoración de nadal... E sobre todo cabezudos para as festas do colexio!!!

AGORA BUSCA EN INTERNET E PRACTICA PARA A VISITA

Viva! agora xa podedes poñervos a traballar coas vosas mans! Queres facer algunha figura de papel? Animarvos a probar e coller práctica para cando me veñas a ver ao taller de papel!.

Visita esta páxina web e mira como se fai un barco de papel. Podes imprimir as instrucións e despois seguir os pasos que se dan. Se queres o final aínda podes ver un video que ensina todo o proceso!

Pasos para ver un barco de papel:

<http://www.caxigalines.net/manualidades/papiroflexia/barcopapel/>

<http://ccoblog.wordpress.com/2007/01/22/barco-de-papel/>

Video sobre como facer un barco de papel:

<http://www.youtube.com/watch?v=sEgYfTXWjMI&eurl=http://papiroflexia.chiquipedia.com/-barco-papel.html>

**Quero que pratiques
para cando veñades ao taller do papel
feito a man
vos poida propoñer un reto importante...**



